

INFORME SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE APROBAN DIVERSAS NORMAS TÉCNICAS E OS DISTINTIVOS IDENTIFICADORES DA ARTESANÍA ALIMENTARIA.

Esta Secretaría Xeral Técnica, en cumprimento do disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, emite o seguinte,

INFORME

1. Obxecto e estrutura

Constitúe o obxecto da presente norma aprobar as normas técnicas correspondentes a diversos produtos e grupos de produtos dos recollidos no anexo I do Decreto 174/2019, do 19 de decembro, polo que se regula a artesanía alimentaria, así como a aprobación dos distintivos da artesanía alimentaria.

O proxecto de orde estrutúrase en tres artigos, dúas disposicións derradeiras e dezasete anexos.

2. Marco normativo e competencial

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.17, determina que corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de artesanía.

A Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, establece no capítulo terceiro do título terceiro unha regulación inicial da artesanía alimentaria en Galicia a expensas dun posterior desenvolvemento regulamentario. O Decreto 174/2019, do 19 de decembro, polo que se regula a artesanía alimentaria, realizou este desenvolvemento.

Tanto a Lei 2/2005, do 18 de febreiro, como o Decreto 174/2019, do 19 de decembro, establecen que os produtos artesanais deberanse elaborar de acordo coas condicións previstas na norma técnica que, para cada produto ou grupo de produtos, se



deberá aprobar mediante unha orde da persoa titular da consellería competente segundo a natureza do produto.

Por outra parte, de acordo co recollido na disposición derradeira terceira do Decreto 174/2019, do 19 de decembro, as previsións recollidas nel relativas ás actividades artesanais alimentarias producirán efectos conforme se vaian aprobando e publicando as normas técnicas de cada produto ou grupo de produtos. A aprobación das devanditas normas técnicas da artesanía alimentaria permitirá comezar a inscribir no Rexistro da artesanía alimentaria as empresas que se adiquen a algunha das actividades ás que se refiren estas normas técnicas.

O Decreto 174/2019, do 19 de decembro, na súa disposición derradeira segunda, faculta a persoa titular da consellería competente en materia de agricultura para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aprobación dos devanditos distintivos da artesanía alimentaria e do manual de uso destes.

De conformidade co Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, a Consellería do Medio Rural é o órgano da Administración Pública galega ao cal lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias alimentarias, montes, prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española, na forma establecida nese decreto.

3. Tramitación

O proxecto de Orde tramitouse de conformidade co disposto nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

De acordo o disposto do artigo 41.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, o anteproxecto de orde acompáñase dos seguintes documentos, correspondentes a fase inicial da tramitación:

- Acordo previo para a elaboración do anteproxecto asinado polo Conselleiro do Medio Rural



- Memoria xustificativa asinada polo director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria
- Un informe da subdirección xeral de Réxime Xurídico

De conformidade co artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto pola persoa titular do Consellería do Medio Rural tivo lugar en data 23.10.2020.

O texto foi publicado no Portal de Transparencia e Goberno Aberto, en cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e nos artigos 41 e 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

No trámite de audiencia o proxecto normativo foi remitido aos consellos reguladores das denominacións xeográficas do sector alimentario, así como aos membros do Consello Agrario Galego.

Na fase intermedia da tramitación, foi sometido aos seguintes trámites:

Informes e ditames: Durante a tramitación pronunciáronse sobre o proxecto os seguintes órganos:

- Informe de impacto de xénero da Secretaría Xeral de Igualdade de 28.04.2021
- Informe de sostibilidade financeira da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda de data 23.04.2021.
- Informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa de data 28.04.2021.

Así mesmo, o expediente remítese ao preceptivo informe da Asesoría Xurídica da Consellería do Medio Rural emitíndose o informe en data 20.07.2021.

Este proxecto de orde foi sometido, así mesmo, ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, previsto na Directiva 2015/1535 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de setembro de 2015, pola que se establece un procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regras relativas aos servizos da sociedade da información, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información.



En cumprimento do disposto no artigo 43.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o proxecto someterase a aprobación da persoa titular da Consellería do Medio Rural.

De conformidade co exposto, esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o proxecto de Orde pola que se aproban diversas normas técnicas e os distintivos da artesanía alimentaria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico
Nicolás Vázquez Iglesias

